



**Nº Expediente:** 2017/C003/000006

**Asunto:** Contratación de CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NA CARPINTERÍA EXTERIOR DOS ESCOLARES DE PIÑEIRO E ESTEIRO

### **MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES "A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES "B: REFERENCIAS TÉCNICAS" PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra:** CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NA CARPINTERÍA EXTERIOR DOS ESCOLARES DE PIÑEIRO E ESTEIRO  
**Importe de licitación:** 59.475,76 IVE incluído (Prezo sen IVE 49.153,52 €; IVE: 10.322,24 €

### **ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:30 horas do mércores 25 de abril de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, e si procede, apertura dos sobres B: Referencias técnicas, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, unicamente se presentou para tomar parte na licitación da "CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NA CARPINTERÍA EXTERIOR DOS ESCOLARES DE PIÑEIRO E ESTEIRO", a seguinte empresa:

- CARPINTERÍA LÓPEZ Y VILLADÓNIGA, S.L. (R.E. 1922 de 24.04.2018)

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) da única empresa participante na licitación.



Compróbase a ausencia de presentación da documentación en formato dixital con sinatura electrónica, como se establece no Prego de cláusulas administrativas na súa cláusula 12.2.

A Mesa acorda:

1º.- Requirir á empresa Carpintería López y Villadóniga, S.L. a presentación da documentación en formato dixital con sinatura electrónica, como se establece no Prego de cláusulas administrativas na súa cláusula 12.2., no prazo máximo de 3 días naturais contados desde a recepción do requirimento.

2º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B", unha vez recibido en formato dixital con sinatura electrónica.

3º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C", oferta económica.

4º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:50 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.